

ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión ordinaria da Xunta de Centro da Escola Superior en Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **13 de maio de 2025**.

1. Apróbase por asentimento a acta da sesión anterior (27/02/2025).
2. O Director informa dos seguintes temas:
 - Participou na entrega de premios da Olimpíada Informática Galega (OIG) e o Concurso de programación universitaria Ada Byron.
 - Celebrouse a xornada “Coñece o campus de Ourense”.
 - Celebrouse a 1ª Feira Educativa: “Espazo de Innovación e Colaboración Educativa” en Expourense.
 - Celebrouse na ESEI a iniciativa “Hackathon de Intelixencia Artificial” organizada polo grupo de investigación LIA2 – Laboratorio de Intelixencia Artificial Aplicada.
 - D. Pedro Cuesta participou nunha charla sobre o uso da intelixencia artificial na educación.
 - Celebrouse a Feira de Emprego no pavillón universitario de deportes do campus de Ourense.
 - Presentou no consello de campus as microcredenciais, que son formacións de curta duración, focalizadas na adquisición de coñecementos, habilidades ou competencias específicas.
 - Recibiuse o visto e prace ao PCEO GrIAEI (Programa Conxunto de Grao en Intelixencia Artificial e Grao en Enxeñaría Informática) polo que se empezará a impartir en setembro de 2025 con 10 prazas.
3. Apróbase por unanimidade os criterios de elaboración de horarios para o curso 2025/2026.
4. Apróbase por asentimento o Calendario Académico para as titulacións da ESEI, curso 2025/2026.
5. Apróbanse por unanimidade os Períodos de Avaliación para as titulacións da ESEI, curso 2025/2026.
6. Apróbase por asentimento o Calendario de Traballos Fin de Grao para o curso 2025/2026.

7. Apróbase por asentimento o Calendario de Traballos Fin de Máster para o curso 2025/2026.
8. Apróbanse por unanimidade os horarios para o curso 2025/2026 das titulacións GrEI, GrIA, MEI e PCEOs.
9. Apróbanse por asentimento emitir informe favorable de valoración de méritos docentes ás dúas solicitudes recibidas.
10. Apróbanse por asentimento a política, obxectivos e metas de calidade do Centro.
11. Apróbase por asentimento o Programa de Desenvolvemento Estratéxico do Centro.
12. Apróbase por asentimento a modificación do Manual de Calidade.
13. Apróbanse por asentimento as alegacións ao informe provisional de avaliación da solicitude de modificación do MEI.
14. Apróbase por asentimento a delegación na Comisión Permanente da aprobación, se procede, das solicitudes de cursos e microcredenciais.
15. Apróbanse por asentimento os candidatos presentados ás comisións.
16. Non hai asuntos de trámite.
17. Infórmase que as prazas vacantes no sector de estudantes débense a que aínda non existe comunicación entre os estudantes veteranos e os novos.
18. Non hai intervencións nin rogos nin preguntas.